



BOP

XOVES, 30 DE NOVIEMBRO DE 2023

N.º 275

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

MONFORTE DE LEMOS - BÓVEDA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-0901 "RIBAS PEQUENAS (LU-652) - ASPERA (LU-546) - FIOLEDA - O EMPALME (LU-617)", P.K. 5+319 A 10+709

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000070

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 24 de novembro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3715

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil vinte e tres, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio 2024 cos documentos que o conforman, incluída a Plantilla de Persoal e Relación-Catálogo de Postos de Traballo. De conformidade co previsto para os efectos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións de aplicación, o citado expediente expónse ao público na Secretaria-Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, sita na Excma. Deputación Provincial de Lugo a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do artigo 170 dese texto legal, poidan examinalo e presentar reclamacións polos motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 170 citado e durante o prazo de 15 días hábiles.

Así mesmo, faise saber que transcorrido o devandito prazo sen que se presenten reclamacións o orzamento de 2024 considerárase definitivamente aprobado, procedéndose á súa publicación tal e como determina o artigo 169.3 do citado Texto refundido e coa finalidade da súa entrada en vigor.

No caso de se producir reclamacións serán elevadas ao Pleno do Consorcio, previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso. Unha vez aprobado procederáse de seguido á súa publicación tal e como se establece no apartado precedente para a súa entrada en vigor.

Lugo, 28 de novembro de 2023.- O SECRETARIO DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3726

CONCELLOS

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE CERVANTES

De conformidade co acordo adoptado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 10 de novembro de 2023, faise pública a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Cervantes que será elixido polo Pleno do Concello.

Requisitos dos aspirantes:

Ser español, maior de idade e aínda non sendo licenciados en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidades previstas no desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

Prazo e lugar para a presentación de solicitudes:

Quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou por calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Documentación que deben presentar os interesados coa solicitude:

- Certificación de nacemento ou copia autenticada do DNI.
- Certificado médico acreditativo de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio das funcións propias do cargo.
- Certificado expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, de 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "se se atopa inculpado ou procesado."
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Cervantes, 23 de novembro de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadián.

R. 3688

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria urxentecelebrada o día 29/11/2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito(MC 26/2023 SC 03/2023)por importe de **67500,00 euros**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 29 de novembro de 2023.-A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3737

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2024

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, do día 27 de novembro de 2023 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2024, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ó público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de

reclamacións e alegacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.

Monforte de Lemos, 28 de novembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.

R. 3727

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 19.09.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de agosto de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 119,40 €.

Por medio do presente exponeo público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 23 de novembro de 2023.- A Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3689

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 04.10.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de setembro de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 152,74 €.

Por medio do presente exponeo público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 10 de outubro de 2023.- A Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3690

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.11.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de outubro de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 393,04€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 149,49 €.

Por medio do presente exponeo público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 13 de novembro de 2023.- A Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3691

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada con data 21 de setembro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

No BOP núm. 226 de data 30 de setembro de 2023 publicouse o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da antedita norma e ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a Ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1. Concepto

Artigo 2. Obrigados ao pagamento

Artigo 3. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

Artigo 4. Contía.

Artigo 5. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

Artigo 6. Normas de xestión

Artigo 7. Obrigación de pago

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Art. 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo público municipal de axuda no fogar.

Art. 2. Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias da prestación do servizo de axuda no fogar, nos termos establecidos na Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar así coma na normativa autonómica vixente en cada momento.

Art. 3. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar:

a. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

b. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolta en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2. No servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência a capacidade económica calcularase de acordo co establecido no decreto 99/2012 e que se reflicte a continuación:

- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

4. Estes datos deberán actualizarse anualmente mediante a presentación da documentación nas oficinas dos servizos sociais municipais.

Art. 4. Contía.

1.- Con carácter xeral aplicarase o prezo hora establecido no contrato coa empresa prestadora do servizo, coas revisións anuais que no mesmo se establezan.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas no apartado seguinte. A súa determinación u liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano municipal competente.

a) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención ao número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de prestación concorrente con outro servizo as horas efectivamente prestadas sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

b) Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia no que se aplica o copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, establécese a seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 IPREM	0%
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1 veces o IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1.25 o IPREM	15 %
Maior de 1.25 e menor ou igual a 1.50 o IPREM	20 %
Maior de 1.50 e menor ou igual a 1.75 o IPREM	30 %
Maior de 1.75 e menor ou igual a 2.00 o IPREM	40 %
Maior de 2.00 e menor ou igual a 2.25 o IPREM	50 %
Maior de 2.25 e menor ou igual a 2.50 o IPREM	60 %
Maior de 2.50 o IPREM	70 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que na situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar concorran circunstancias de destruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. O custo do servizo se expresará en euros/hora de prestación ao beneficiario, e se fixará pola Xunta de Goberno Local do Concello, tal e como dispón o artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4. En calquera caso establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 5. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase con cargo ó orzamento municipal, coas achegas da Comunidade Autónoma, da Deputación Provincial si houbese e maila achega das persoas usuarias para a súa participación no custo do servizo, de conformidade co artigo 56.1 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

O Concello establecerá no orzamento anual a cantidade correspondente para o desenvolvemento do servizo.

Art. 6. Normas de xestión.

- 1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse mensualmente polo Concello.
- 2.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados ao mesmo mediante domiciliación bancaria. O concepto da orde de domiciliación bancaria expresará, a lo menos, o importe a pagar así coma o número de horas liquidadas.

Art. 7. Obrigación de pago.

1. A obriga de pago dos prezos públicos regulados neste ordenanza xurde o día en que se inicie a prestación do servizo, debéndose facer efectivo con periodicidade mensual durante a primeira quincena do mes seguinte, prorrateándose o seu importe cando se liquiden meses incompletos.
2. O concello formulará mensualmente un padrón no que reflectirá o prezo correspondente a cada usuario en función das horas de servizo efectivamente prestadas. No servizo de axuda do fogar a persoas dependentes considéranse horas efectivamente prestadas aquelas que consten como tales nos partes de traballo asinados conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención.
- 3.A primeira liquidación ou liquidación posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, seralle notificada ao interesado, as sucesivas liquidacións serán entregadas na entidade bancaria en onde se atope domiciliado o pago debendo efectuarse o devandito pagamento nos primeiros quince días do mes seguinte ao que sexa obxecto de liquidación.
4. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento no caso de impago por parte do beneficiario dentro do período voluntario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposición municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que establece esta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

A Pastoriza, 27 de novembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3719

RIBAS DE SIL*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado definitivamente o expediente de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Incremento por crédito extraordinario (€)
150.227	(URBANISMO - ARQUITECTURA) Traballos outras empresas	4.000,00
1531.221	(VÍAS PÚBLICAS - ACCESOS NUCLEOS) Subministros	5.000,00
1532.619.03	(VÍAS PÚBLICAS-PAVIMENTACIÓN). Subministros obradoiro	10.000,00
161.221	(ABASTECIMIENTO). Subministros.	10.000,00
165.221	(ALUMEADO PÚBLICO)	3.000,00

231.227	(ASISTENCIA SOCIAL)	10.000,00
321.221	(CENTROS DOCENTES, PREESCOLAR E PRIMARIA)	3.000,00
338.22600	(FESTAS POPULARES E FESTEXOS)	12.000,00

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Concepto	Importe financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais (€)
870 Remanente de Tesourería	57.000,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Ribas de Sil, 23 de novembro de 2023.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3692

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2023-1431 de data 23 de novembro 2023, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó terceiro trimestre de 2022.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 24 de novembro de 2023 a 23 de xaneiro de 2024.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove 23 de novembro de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3693

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **10/11/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

A PONTENOVA: titular: DON FRANCISCO MANUEL DÍAZ GARCÍA. DNI 33*212F.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 17 de novembro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3694

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: **A/27/23906**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ayuntamiento de Cervantes

Nombre del río o corriente: Manantiales “Fonte 1”, “Fonte 2” y “Fonte 3”

Caudal solicitado: 0,6 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 18 del polígono 121 (Vilarguite)

Término municipal y Provincia: Cervantes (Lugo)

Destino: Abastecimiento a Vilarguite

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Arquetas de captación y conducción por tubería hasta depósito regulador.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Cervantes**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 9 de octubre de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3670
